

Un prometedor inicio

O son da xordeira, de Antía Otero



RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO

O son da xordeira é o primeiro libro da poeta Antía Otero, que debuta con pouco máis de vinte anos cun libro sorprendente pola frescura e seriedade do seu contido.

O título do libro e o argumento central do mesmo, fai referencia e quere denunciar a explotación laboral á que eran sometidas as costureiras, que traballaban en baixos escuros e sen ventilación, algunhas delas en idade escolar, con horarios abusivos e salarios de explotación. Antía Otero sabía que esas mulleres pasaban unha boa parte das súas vidas diante das máquinas de coser, aturando o ruído "ostinato" e incesante, soportando unha música perpetua, que fora daqueles talleres era inexistente e que ela moi acertadamente deu en chamar metaforicamente *O son da xordeira*. Un excelente libro que comeza deste xeito: "Cedo / aínda noite / cada día / as mulleres do barrio / danzan ó son das máquinas de coser / nos sotos sen transparencia ós ollos do pobo".

Antía Otero naceu na Estrada en 1982, na actualidade cursa estudos de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela. Como poeta participou no libro colectivo *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003). Ademais é membro do Consello de Redacción da Folla Voandeira de Poesía "Augas Verso" publicada pola Fundación Cultural da Estrada. *O son da xordeira* é a estrea públi-



ca da autora, que como xa comentamos ao comezo desta reseña, está a sorprender pola súa orixinalidade, e que sinceramente cremos axiña se vai a consolidar dentro do panorama poético actual coma unha nova voz. Unha voz fructífera, que ven de gañar, ademais, a última edición do premio Francisco Añón do Concello de Outes coa obra *De porta un horizonte*, obra que en pouco tempo estará nas librerías, acreditando deste xeito a nosa confianza no futuro poético da autora.

Por expresa petición de Antía, o libro está prologado pola escritora Marica Campo, que resolve de maneira extraordinaria a súa particular "visita" a esta casa en construción chamada *O son da xordeira*. Segundo Marica: "Quizais abrir un libro de poemas sexa como entrar nunha casa. Unha casa amoblada con soños e recordos, con anseios e experiencias."

O son da xordeira está estruturado en tres partes perfectamente diferenciadas. A primeira delas da título ao libro e conforma o corpo central do mesmo. As outras dúas "Alén das vías" e mais "Salgada soidade" rompen esa unidade temática para centrarse noutros aspectos que desloquen un chisco a, polo demais, tan lograda coherencia inicial.

"Alén das vías" é un álbum, onde a autora nos fala das súas innumerables viaxes coas maletas cargadas de soidade e desamor. Grecia, Eire, Lisboa, Amsterdam, Bruxas. Como ela mesma escribe no poema titulado Amsterdam: "Vou nun tren camiño de Amsterdam. / Non sei onde o collín nin cal era a vía. / Nein sequera coñezo a hora na que partín. / Só sei que chovía do mesmo xeito / que o facían os meus ollos".

En "Salgada soidade", a última parte do libro, afloran unha morea de contidos íntimos e persoais, nos que Antía Otero profundiza, con ánimo de sandar esa enorme ferida aberta que no apartado anterior non deu cicatrizado. Resolve pois, nestes poemas finais rematar coa amargura e a desazón que anegan os seus días: "Non voltarás muxi-las miñas vacas / para alimenta-lo teu espírito co silencio. / Ese é un bo resumo: / "O noso tempo case foi unha historia de amor".

O son da xordeira é o acertado inicio dunha nova voz, unha voz que botou a andar baixo o ritmo incesante das máquinas de coser, anunciando que: "A vida futura son nenas / que xogan ó peletre".

OTERO, Antía, *O son da xordeira*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2003, 70 páxinas